

Visto o expediente número 54/2012 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, do suministro denominado: “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting”

Visto que con data de 27 de febreiro de 2012 , por parte do órgano de contratación procedeuse a dar apertura aos sobres A de documentación administrativa; con data 5 de marzo abríronse os sobres B de referencias técnicas e con data 8 de marzo o sobre C de oferta económica.

Visto que das tres empresas invitadas a participar no citado procedemento: INFORHOUSE, S.L., SISTEMAS MACROCOPIAS S.L e RICOH ESPAÑA S.L.U só se procedeu a abrir as ofertas de Inforhouse, S.L e Ricoh España S.L.U xa que Macrocopias S.L., non subsanou a documentación administrativa.

Visto que consta no expediente informe do informático municipal de data 7 de marzo onde se informa favorablemente a oferta técnica de Ricoh España S.L.U mentres que a oferta de Inforhouse, S.L non cumpre algunha das condicións sinaladas nos pregos.

Visto que a oferta económica de Ricoh España S.L.U cumpre as condicións recollidas nos pregos.

De conformidadeco previsto na cláusula 15 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar como mellor oferta e propoñer a adxudicación do contrato denominado: “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting” á oferta presentada por Ricoh España, S.L.U con C.I.F nº B-82.080.177 e domicilio social na rúa Calvo Sotelo 21, 15004 de A Coruña por un importe total de 25.526,52 (21.632,64 euros máis 3.893,88 de IVE) e tendo en conta as seguintes consideracións:

- suministro de fotocopiadora multifunción a cor MPC5401AD e dúas máquinas de impresión MP201SPF ofertadas en modalidade de “renting” en 48 cuotas de 191,63 euros cada unha, máis IVA.
- resumen das condicións financieras da operación: suministro en renting por un periodo de 48 meses.
- precio de mantemento por folla, para unha media mensual de 25.000 follas en B/N de 0,00651 euros, máis IVA
- precio de mantemento por folla, para unha media mensual de 2.000 follas en cor de 0,04815 euros, máis IVA

SEGUNDO: Requirir á empresa adxudicataria para que no prazo máximo de 10 días hábiles a partir da recepción da presente resolución, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de seguridade social, no caso de no ter sido xa presentadas, no Concello de

Cabana de Bergantiños de conformidade coa clausula 17 dos pregos de cláusulas administrativas e xustifique a constitución en favor da entidade dunha garantía definitiva á que se refire o artigo 95 do RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, TRLCSP, polo importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE (1.081,63 Euros).

TERCEIRO: Proceder a notificar a presente resolución a tódolos licitadores presentados, así como proceder á publicación de extracto da mesma no perfil do contratante do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.com).